

Os plans da Xunta para o monte galego: lumes, tóxicos e privatización



Duas imaxes dalgunhas das accións levadas a cabo pola Plataforma contra as Fumigacións no mes de abril: á esquerda, Foliada informativa no concello de Melide o día 29, por ser este un dos promotores das fumigacións aéreas; arriba, a secretaria xeral do SLG, Carme Freire, no intre de presentar unha denuncia contra as fumigacións na fiscalía de medio ambiente, o día 25, xunto a outros membros da Plataforma

Nos últimos meses, a Consellaría de Medio Rural e, por extensión, a Xunta de Galicia, ten demostrado ser un absoluto desastre na xestión, conservación e desenvolvemento sostible dos nosos montes. Por unha banda, en pleno inverno, vivimos unha das peores vagas de lumes forestais dos últimos anos que tivo a súa máxima expresión no incendio das Fragas do Eume. A política de prevención de incendios é tan desastrosa que seguimos tendo como mellor aliado ás choivas, que foron as que, finalmente, acabaron con esta nova crise incendiaria en abril.

Por outra banda, a Xunta volveu demostrar para quen está gobernando. O borrador co que se pretenden regular os cultivos forestais enerxéticos, e que se pre-

sentou na Mesa da Madeira do 3 de abril, foi outro exemplo de como este Goberno legisla para beneficio e lucro das grandes empresas. Neste caso, pretende legalizar a usurpación das terras agrarias para que deixen de producir alimentos e se dediquen á agromasa para queimar. O outro despropósito foi permitir, por parte da Consellaría de Medio Rural, unha fumigación masiva e aérea dos eucaliptos de toda Galiza, promovida pola patronal da celulosa e utilizando un pesticida prohibido na Unión Europea pola súa perigosidade: o Flufenoxuron; se ninguén o remedia, poderían ser exterminadas boa parte das abellas de Galiza e contaminadas as terras, as augas, os animais e as persoas.

Coordinación:

Xosé García Rodríguez
Consello Editorial:
Carme Freire, Manuel
Docampo, Isabel Vilalba e
Xabier Gómez Santiso.
Colaboracións: Antonio
Ferreiro, Charo Sánchez, Xabier
Gómez Santiso, Isabel Vilalba
Deseño e maquetación:
Xosé García Rodríguez
Sede da redacción:
Ofelia Nieto nº 13-23
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88

LOCAIS

NACIONAL - R/ Ofelia Nieto 13-23,
15705, Meixónfrío. Santiago de
Compostela. Tifno. 981 554 147
COMPOSTELA - R/ Ofelia Nieto 13-23,
15705, Meixónfrío. Santiago de
Compostela. Tifno. 981 588 532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
SANTA COMBA - Rúa de Lugo, 19 –
entrecán 1º esq. Tif. 981 880 909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680.
Tif. 981 682908
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,
1º. Tif. 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º
esq / Tifno. 981 789 781
SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n
981 490 430
VALDEORRAS - Miguel de Cervantes 15
32340, Vilamartín de Valdeorras
Tif. 988 321 511 / Fax: 988 326 723
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,
Galerías Maga Tif. 988 590 438;
Fax 988 590 439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.
Tif. 988 477 230 Fax. 988 477 230
XINZO - Rúa San Sebastián, 16 – baixo
Tif. 988 462 547
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108,
entrecán B. Tif. 982 876155 / 659735862
CHANTADA - Praza do Concello, baixos
AISSTI/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tif.
982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Avda. Fernández Del Riego,
5 – 1º C. Tif. 982 12+6
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49, Edf. Miño
Entrecán E. Tif/Fax: 982 331 714
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
LALÍN - R/ Monte Faro nº 28. Baixo.
Tif. 986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580 526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros.portal
1ºA, 1ºC. 986 641 508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 718 526

2 / Sumario

Editorial

■ Non abandonaremos.....3



Galiza

■ O Sindicato Labrego Galego apoiou a Folga Xeral do 29 de marzo.....4
■ Galiza arde mentres a Xunta permite a violación da Lei de Incendios.....5
■ Contacto entre SLG e cazadores para controlar as poboacións de xabaril.....7
■ Como evitar abusos no cobro da electricidade.....9

Aldea Global

■ O SLG rexeita o paquete lácteo publicado pola Unión Europea10
■ Francia prohibe o millo transxénico MON 81010
■ O 17 de abril denuncia o acaparamento de terras10



Suplemento especial:

O SLG diante das eleccións a consellos reguladores.....11 a 14

Sectores Gandeiros

■ A Consellaría de Medio Rural ponse do lado das industrias lácteas morosas.....15
■ A renda agraria en caída libre pola suba de custes, os prezos á baixa e o impacto da seca.....16



Sectores vexetais

■ A industria e a AGV únense para rachar as negociacións na Mesa do Viño de Rías Baixas18

Montes

■ A industria dos eucaliptos pretende envelenar toda Galiza co pesticida prohibido Flufenoxuron19
■ O SLG esixe a retirada do borrador que regula os cultivos enerxéticos forestais20



Mulleres

■ A loita das labregas en Latinoamérica.....21

Eira

■ Reclamacións para cobrar a pensión mínima.....22



O Fouce está cofinanciado pola:

Non abandonaremos

A Xunta de Galicia está a redobrar os esforzos para desmantelar o medio rural. O desprezo contra o noso campo por parte da administración autonómica non é unha sorpresa. Vense practicando dende vello e ducias de miles de explotacións pechadas nas últimas décadas testemuñan esta política de demolición e derribo de todo o que teña que ver coa produción de alimentos e co traballo dos labregos e das labregas.

As decisións e o traballo da Consellaría de Medio Rural nos últimos anos afondan nesta vontade de sacrificar os nosos sectores produtivos. A Lei de Montes ou a regulación dos cultivos enerxéticos forestais queren entregarlle as nosas leiras, os nosos prados e o mancomún ás industrias produtoras de enerxía co obxectivo de que incen todo o país de eucaliptos para queimar. Chove sobre mollado despois de que usurpasen o meirande dos cumes galegos con muíños eólicos e despois de que a desastrosa xestión forestal convertese ao noso país nun eido para queimar ano si, ano tamén.

O último despropósito da Xunta foi converterse en serva e lacaio da Asociación Española de Fabricantes de Pasta, Papel e Cartón (Aspapel). A patronal da industria celulosa pretende fumigar todos os eucaliptais de Galiza cun pesticida prohibido na Unión Europea pola súa alta toxicidade: o Flufexonuron, que comercializa Basf baixo a marca Cascade. Dado que este agrotóxico será ilegal a partir do 1 de agosto, cabe sospeitar que Aspapel debeu conseguir unha boa cantidade do mesmo a prezo de saldo. Choio para eles, veneno para nós. A previsión é botar toneladas de insecticida dende helicópteros sobre miles

de hectáreas, contaminando directamente os núcleos habitados das inmediacións e as cabanas gandeiras das súas explotacións, as fontes e ríos e os cultivos. A maiores, ademais de dezmar a poboación do gorgullo do eucalipto -que é a praga que pretenden combater-, exterminarán ás nosas abellas e, con elas, ao sector apícola galego e a un axente polinizador indispensable para moitos cultivos hortícolas e de froita. Non sorprende que as industrias, con tal de acadar lucro, envelenen un país enteiro; o que é clamoroso é que o fagan co beneplácito e colaboración da Consellaría de Medio Rural e dos concellos da súa corda.

“...diante dos seus ditados de abandono e de eutanasia para o campo galego, nós contrapoñemos a nosa forza e a nosa vontade irrenunciable de manter vivo un medio rural que, sen nós, xa habería ben anos que tería morto...”

En resume, á Xunta xa non lle abonda con desmantelar a conciencia o medio rural e aos sectores agrogandeiros deste país; agora pretende envelenarnos. Pero ten que saber unha cousa o presidente Feijóo e a súa conselleira de Medio Rural: os labregos e labregas que ficamos na Galiza, desenvolvendo con orgullo o noso labor contra vento e marea, e a pesares das súas políticas, imos seguir teimando en producir alimentos e en vivir no campo. Poderán fumigar, acabar coa riqueza dos nosos montes, estafarnos con impostos pola nosa auga e privatizala, privarnos dos servizos públicos aos que temos dereito, roubar nos as

terras para regalarllas ás industrias enerxéticas e das celulosas, ou gobernar para as grandes empresas deixándolles que rouben as nosas rendas con prezos de escravitude. Poderán facer iso e moito máis. Pero, sentíndoo moito, os labregos e labregas que aínda apostamos pola produción de alimentos imos seguir facendo o que sempre fixemos. Temos pasado moitas, tanto co seu goberno como cos que o precederon, e aquí seguimos, cunha fe inquebrantable no noso labor.

Iso si, teñan claro que non ficaremos coa boca pechada. Imos denunciar as súas políticas suicidas diante de toda a sociedade, de boca a boca falando coa xente, ou diante dos medios de comunicación e de todos os colectivos e organizacións sociais que, coma nós, cren nunha Galiza distinta na que sexa o pobo quen governe e na que os gobernantes traballen para ese pobo. As máis de 80.000 sinaturas acadadas nunha semana contra as fumigacións con Flufenoxuron deberían facelos reflexionar, aínda que iso de pensar nas desastrosas consecuencias de moitas das súas decisións non vaia con vostedes.

Así que, diante dos seus ditados de abandono e de eutanasia para o campo galego, nós contrapoñemos a nosa forza e a nosa vontade irrenunciable de manter vivo un medio rural que, sen nós, xa habería ben anos que tería morto, do mesmo xeito que Galiza morrerá o día que deixemos de producir alimentos para mantela. E esa é a loita que nos manterá con vida nestes tempos adversos provocados con leis dende os gobernos: a loita por sermos soberanos e soberanas na nosa alimentación, cos azos de saber que o Sindicato Labrego non está só e de que cada día somos máis na mesma loita.

O Sindicato Labrego apoiou a Folga Xeral do 29 de marzo

En protesta polo forte impacto dos recortes orzamentarios da Xunta e do Estado no agro e no medio rural

O Sindicato Labrego Galego estivo presente nas manifestacións -convocadas con motivo da Folga Xeral do 29 de marzo en Galiza- que se levaron a cabo en Compostela, A Coruña, Fe-

rrol, Vigo, Pontevedra, Lugo, Ourense, Foz, Xinzo de Limia e Verín. Nun comunicado feito público esa mesma semana, o SLG xustificaba a súa presenza argumentando que “os labregos

e labregas temos moitas razóns de peso para apoiar a folga xeral do 29 de marzo”. De seguido, transcribimos o comunicado do SLG xunto a imaxes da xornada.

Coa nosa participación, queremos expresar o noso firme rexeitamento á reforma laboral e ás políticas de recortes impulsadas polo Estado e a Xunta.

Os recortes que estamos a sufrir os labregos e as labregas dende hai anos, intensifícanse agora coas novas políticas para atallar o déficit. Así, asistimos ao desmantelamento de servizos que, aínda que moitas veces de xeito deficiente, se lles estaban a prestar ás explotacións e ás persoas que vivimos no campo. En amplas

zonas rurais de Galiza estamos quedando sen atención médica, sen servizos sanitarios de urxencia próximos, sen farmacias de garda, sen comedores escolares, sen escolas nin garderías para os nosos fillos e fillas, sen atención para os nosos e as nosas maiores, con oficinas agrarias comarcais cada vez con menos recursos, sen medios suficientes para prever incendios forestais, coa privatización e empeoramento progresivo dos servizos públicos prestados ás explotacións, etcétera”.



A folga xeral foi secundada por manifestacións multitudinarias nas principais vilas e cidades galegas, como esta de Compostela

As retalladas da Xunta abocan ao rural galego a ficar sen servizos sociais

As retalladas que se están a facer nos servizos sociais vai ser especialmente traumática para o medio rural. A Consellería de Benestar decretou, o 30 de marzo, a retirada das partidas orzamentarias para servizos sociais nos municipios con menos de 20.000 habitantes. É dicir, perderán estes fondos 293 dos 315 concellos que ten Galiza; evidentemente, son os máis rurais ao ter menos poboación. Como exemplo sirvan as provincias de Lugo e Ourense, onde só as capitais superan os 20.000 habitantes. Deste xeito, quedan sen financiamento autonómico as unidades de intervención social básica (UTS), como profesionais de psicoloxía e pedagogía, logopedas e auxiliares de coidados.

En principio, serán agora as deputacións as que teñan

que asumir este gasto; o problema é que non teñen cartos para facelo. A Deputación de Lugo, por exemplo, viña destinando 500 millóns de euros a esta partida, e agora investirá 600; porén, os cartos necesarios para manter os servizos sociais da provincia ascenden a 2'5 millóns de euros. A Deputación de Pontevedra calcula un gasto similar para atender os servizos sociais dos seus concellos: 2'2 millóns. En canto á de Ourense, pouco antes de publicarse o decreto suprimía o servizo de teleasistencia na provincia para aforrar.

■ 283 millóns de recorte do Estado, a maiores

Este recorte é un suma e segue na política de retalladas da Xunta e de Benestar, que no 2011 xa recortou tres millóns de euros do Plan

Concertado para Servizos Sociais. E semella que o peor está por vir para as persoas dependentes que teñen algún tipo de axuda, xa que o o Goberno de Rajoy suprimiu unha partida de 283 millóns de euros, dos Orzamentos Xerais do Estado, destinada ás comunidades autónomas para esta fin.

■ Copagamento de até o 90% para persoas non dependentes

O decreto 99/2012, que é o que regula a fin do financiamento da Consellería de Benestar aos servizos sociais municipais, establece o copagamento para financiar o que, até o de agora, se custeaba con cartos públicos das arcas autonómicas. O copagamento supón que agora as persoas que recibían algún tipo de axuda social

teñan que pagar unha porcentaxe da mesma, que pode chegar a ser do 90% para persoas non dependentes que teñan unha capacidade económica superior aos 1.596 euros. As persoas que teñan unha renda maior de 425 euros, pagarán entre o 10 e o 30% do servizo. En canto ás persoas dependentes, seguirán tendo o servizo gratuito se xustifican rendas iguais ou inferiores aos 532 euros.

Estas son as porcentaxes de copagamento que marca o decreto 99/2012. O problema é que nin sequera estará garantida esta asistencia financiada en parte polas persoas beneficiarias, xa que dependerá das partidas orzamentarias das deputacións e dos concellos para esta fin, institucións que, nos últimos anos, sufriron unha caída en picado dos seus ingresos.

Galiza arde mentres a Xunta permite a violación da Lei de Incendios

O noso país volve aos seus peores rexistros de terra arrasada polo lume antes de que comece o verán

Os lumes forestais que arrasaron Galiza en marzo e, en especial, o que se levou por diante un dos espazos emblemáticos do noso patrimonio natural -as Fragas do Eume-, puxeron en evidencia, unha vez máis, a desastrosa política forestal da Xunta de Galiza e, en concreto, da Consellaría de Medio Rural. Máis alá de que sexan fortuítos ou intencionados, os lumes forestais son o sintoma dun mal endémico que precisa de valentes políticas de prevención e xestión, e que non se solucionará por moitos cartos que sigamos queimando en labores de extinción.

A Consellaría de Medio Rural leva anos mirando cara a outra banda diante da violación flagrante de Lei de Prevención de Incendios en todo o territorio galego. Nese tempo, o SLG tramitou máis de duascenas denuncias por invasión de terras agrarias por plantacións forestais de carácter ilegal, e en ningunha delas actuou a Xunta para repoñer a legalidade; do mesmo xeito que non existe ningún tipo de seguimento por parte da Consellaría de Medio Rural nin dos concellos para facer respectar esta lei que, ademais, prohíbe plantar especies de alta combustibilidade a menos de cincuenta metros das vivendas.

O Goberno de Feijóo gardou o máis absoluto mutismo diante da violación xeneralizada da Lei de Prevención de Incendios e nin sequera actuou cando esas violacións se denunciaron, polo que a súa complicidade é manifesta con aquelas industrias que se benefician deste tipo de políticas, en particular coas fábricas de pasta de papel e as enerxéticas que promoven plantíos de eucalipto de ciclo curto para queimar.

Deste xeito, as políticas forestais do Goberno de Feijóo fomentaron e fomentan unha Galiza na que as explotacións agrogandeiras se están quedando, a pasos axigantados, sen base territorial para producir alimentos; e na que o noso territorio se está reconvertendo en pasto para o lume.

O incendio das Fragas do Eume foi un claro reflexo de



A proliferación incontrolada de plantacións ilegais de eucalipto está a fomentar vagas de lumes forestais, mesmo en pleno inverno

todo o devandito. A falla de planificación e de ordenación, e a vulneración sistemática da Lei de Prevención de Incendios auspiciada pola permisividade da Xunta, fomentaron e permitiron grandes masas de eucaliptais

nun parque natural que non respectaron, en moitos casos, nin a especial protección das terras agrarias nin as distancias de seguridade entre plantíos e con respecto ás vivendas a que obriga a lexislación vixente.

A base de helicópteros de Queixeiro, vítima das retalladas en extinción de lume

O Sindicato Labrego tamén denunciou que na parroquia de Queixeiro, en Monfero e preto das Fragas do Eume, hai unha base de vixilancia dotada con helicópteros, pero que non estaba a ser usada na actualidade por decisión política.

Outros conatos de incendio que aconteceron na zona e con esta base en uso, foron sufocados de inmediato; se a base tivese estado operativa canda o lume das Fragas, os efectos do lume terían sido mínimos.

Manifestacións en toda Galiza contra a catástrofe dos incendios

Este desastre medioambiental debería facer reflexionar á Xunta e á Consellaría de Medio Rural sobre o modelo de territorio e de país que están propiciando e obrígalas a impulsar políticas de xestión nas que pasemos do caos incendiario e de abandono de hoxe; a unha ordenación racional na que se respecten escrupulosamente a lei os usos do solo, e na que a xestión do monte sexa algo planificado e traballado os doce meses do ano, coa implicación activa de comunidades, persoas propietarias e Administración.

O elemento central da prevención é unha ordenación do territorio, cos espazos delimitados para a agricultura, a gandeira e o forestal, baseada na racionalidade e na xeración de produtos de calidade e valor

engadido, en sintonía co conxunto de intereses e culturas dos habitantes locais, como se fai nos países centroeuropeos, pero adaptado a Galiza. Mais aquí faise xusto o contrario, e aí reside a raíz do problema.

Por todo o devandito, o Sindicato Labrego Galego pediu a reactivación da base de helicópteros de Queixeiro, a modificación do proxecto da Lei de Montes para que o noso país non se converta en pasto para o lume, e o cumprimento estrito da Lei de Prevención de Incendios de Galiza; e apoiou coa súa presenza as manifestacións do 2 de abril, nas principais vilas galegas, para esixir responsabilidades pola catástrofe medioambiental que están a causar os incendios forestais na Galiza.



Créase unha plataforma para democratizar e pluralizar á radiotelevisión pública galega

O 12 de marzo, presentouse a Plataforma Cidadá en Defensa da Radiotelevisión Pública Galega, que nace para defender unha radiotelevisión pública que defenda a identidade de Galiza; informe con veracidade, imparcialidade, independencia e pluralidade; e estimule a participación democrática

cunha regulación que asegure a aplicación efectiva do dereito de acceso aos medios públicos dos grupos sociais e políticos significativos.

Consciente da necesidade que ten Galiza de contar cunha radiotelevisión pública galega e independente, o SLG decidiu formar parte desta plataforma e apoiala.



A PAC, a reforma das pensións e a usurpación das terras agrarias en charlas por todo o país

O Sindicato Labrego Galego botou dous meses -febreiro e marzo- desenvolvendo unha campaña de charlas informativas por toda a xeografía galega para informar sobre as cuestións candentes que afectan ao medio rural (na imaxe, xuntanza celebrada en Verín, Ourense, ao respecto).

Temas como a reforma da Política Agraria Común (PAC) e do sistema público de pensións, así como os cambios en diversas leis (Montes, Mobilidade de Terras) para permitir que as industrias enerxéticas e da celulosa se apoderen das terras agrarias, centraron o contido destes actos.



Manifestación nacional o 17 de maio en defensa da lingua convocada por Queremos Galego

A Plataforma cidadá Queremos Galego, da que forma parte o Sindicato Labrego, acordou convocar unha manifestación nacional para o vindeiro 17 de maio, Día das Letras Galegas. Ademais de pedir a participación masiva do pobo galego para defender o seu valor patrimonial máis grande, denun-

ciouse a agresión á lingua galega por parte "das elites políticas, financeiras e mediáticas".

En concreto, criticase "a política de desmantelamento da cooficialidade lingüística" e de "caza de bruxas contra o galego" emprendida polo goberno de Alberto Núñez Feijóo.



Nova cata comentada de viños galegos, desta vez na parroquia de Gorgullos, en Tordoia

A comarca ordense volveu acoller unha nova cata de viños, o 10 de marzo, despois da celebrada en Mesía. Desta vez, foi na parroquia de Gorgullos (Tordoia), e impartiu-na o vitivinicultor de Valdeorras e membro da Executiva do SLG, Manuel Docampo.

Case unha vintena de participantes se iniciou na viti-

cultura galega a través de tintos e brancos como Issué (Ribeiro), Babelos do Biobra (Valdeorras), Sabatellius (Ribeira Sacra) e Mauro Estévez (Ribeiro). Entre os contidos impartidos estiveron as caracterizacións dos viños segundo a zona e o clima, prezos, denominacións de orixe, cores, sabores, etcétera.

Contactos entre SLG e cazadores para frear os ataques do xabaril

Mantivéronse xuntanzas con colectivos de caza da bisbarra compostelá ante a pasividade da Xunta

Diante da parálise da Consellaría de Medio Rural á hora de poñerlle couto aos danos provocados pola fauna salvaxe nas explotacións, o Sindicato Labrego Galego iniciou unha rolda de contactos con colectivos de caza para ir artellando solucións a nivel local na comarca de Compostela. A pesares diso, o SLG segue mantendo as súas reivindicacións con respecto a esta problemática, e que pasan por que non sigamos sendo os labregos e as labregas, en exclusiva, quen acabemos pagando sempre a conservación e mantemento da fauna salvaxe.

O Sindicato Labrego Galego da comarca de Compostela mantivo, durante o mes de marzo, senllos encontros con representantes da Sociedade de Cazadores A Magdalena (O Pino) e do Coto de Caza Ribeiras do Tambre (Santiago e Oroso) co obxectivo de artellar algún tipo de colaboración de cara á frear os danos que provocan os xabarís nas terras agrarias da zona.

A Xunta de Galicia e, especialmente, as consellerías de Medio Ambiente e Medio Rural, teñen abandonado totalmente a súa responsabilidade como administracións competentes para facer fronte ás perdas millonarias que está a provocar o descontrol da fauna salvaxe nas explotacións agrarias.

Ante a falla de resposta por parte da administración, e ante a desesperación dos gandeiros e gandeiras da bisbarra compostelá, dende o

SLG buscamos a complicidade dos cotos de caza para poñernos man a obra e acordar medidas preventivas nas épocas máis delicadas (abril, maio e setembro). Dende o SLG valoramos con satisfacción o resultado da xuntanza, que abre unha vía de colaboración na zona, que agardamos que ter resultados positivos axiña.

Para desenvolver esta colaboración, estase a facer un traballo de identificación das zonas máis vulnerables, polo que dende as oficinas do Sindicato Labrego en Compostela estase a recoller información sobre os danos provocados polo xabaril nas explotacións agrogandeiras e forestais durante os dous últimos anos. É por isto que, dende o SLG, se fixo un chamamento a todas aquelas gandeiras e gandeiros que sufran ataques de xabaril, no período de tempo devandito, para que se acheguen a



A falla de medidas contra os ataques do xabaril por parte da Xunta, obrigou ao SLG a buscar alternativas á marxe da Administración

denuncialo -tanto nas nosas oficinas como no teléfono 981 588 532- de cara a poder delimitar as zonas nas que máis urxen accións preventivas.

O SLG xa ten comunicado de diversos xeitos á Administración a urxencia e necesidade de políticas para toda Galiza que solucións o

problema derivado dos ataques da fauna salvaxe sobre as explotacións. Fíxoo en febreiro de 2010 presentando alegacións ao borrador da Lei de Caza e, máis recentemente, en outubro de 2011, presentando máis dun milleiro de sinaturas de labregos e labregas esixindo solucións.

Novos locais do Sindicato Labrego Galego para A Estrada e Valdeorras

O Sindicato Labrego inaugurou novos locais para a comarca de Valdeorras, na localidade de Vilamartín, o 11 de abril; e para a bisbarra de Tabeirós-Terra de Montes, na vila da Estrada, o 25 de abril. O local valdeorrés, na rúa Miguel de Cervantes 15, aproveitou as instalacións das oficinas da antiga Extensión Agraria, que nos últimos tempos estiveron pechadas por falla de uso. No caso estradense, a nova sede está na rúa Grandín 1. Ambas inauguracións estiveron arropadas pola afiliación de cada zona e a elas asistiu a secretaria xeral do SLG, Carne Freire.



As novas instalacións do Sindicato Labrego mellorarán o servizo ofrecido á afiliación de Valdeorras (dereita) e Tabeirós-Terra de Montes (esquerda)



Riscos laborais no traballo con zurros

Espazo subvencionado por:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

Os zurros e as dexeccións líquidas limpeza ou mantemento. O principal (SH₂). No presente texto de Fouce, supoñen un importante factor de risco axente de risco nos depósitos de residuos gandeiros (fosas de zurro) e, en consecuencia, o principal causante de mortes nesa tarefa é o ácido sulfhídrico analizaremos polo miúdo os factores de risco ligados ao contacto con este ácido nas fosas de zurro e daremos consellos para evitar accidentes.



Os principais riscos no traballo con zurros veñen derivados por inhalar, involuntariamente, emanacións de ácido sulfhídrico

O ácido sulfhídrico presenta un cheiro moi característico a ovos podres, que se detecta a concentracións moi baixas (0,05 partes por millón [p.p.m]). Sen embargo, constitúe un grave erro empregar esta característica como único elemento de alerta. Está comprobado que a concentracións tan baixas como a descrita, o ácido sulfhídrico satura a pituitaria olfactiva en poucos minutos, deixando de percibirse. A concentracións superiores a 100 p.p.m. provoca a parálise do nervio olfactivo, polo que xa non se detecta e convértese nunha substancia mortal con concentracións de tan só o 0,2% (2.000 p.p.m.) Polo tanto, en calquera circunstancia laboral na que sexa previsible a presenza de SH₂ hai que actuar coma se este gas estivera presente a concentracións perigosas.

- Os accidentes deste tipo acontecidos adoitan saldarse con feridos moi graves, e sobre todo con resultados de morte. É o principal factor de risco con resultado de morte na gandería .
- Aínda que estamos afeitos e

afeitos a referimos a estes accidentes como "morte por asfixia", o termo é inexacto: o envelenamento por SH₂ é o que ocasiona a morte.

- Existen dous elementos que xustifican a letalidade do proceso: as baixas concentracións nas que pode transformarse o ácido sulfhídrico nun veneno mortal e o proceso de saturación ou impercepción olfactiva.

- A maioría dos casos de morte están asociados a situacións de atasco en sumidoiros e conducións de zurro, nos que o operario descende para realizar traballos de mantemento e limpeza.

- O SH₂ atópase difundido no seo do zurro. A concentración que se atopa na atmosfera é notoriamente inferior á existente no seo das dexeccións, de maneira que os procesos de axitación e turbulencias provocan un súbito afloramento do gas a superficie, alcanzando en segundos concentracións mortais.

- Cando este proceso coincide con áreas deprimidas carentes de ventilación, como sumidoiros, conducións ou

Medidas de prevención

- NUNCA E BAIXO NINGUNHA CIRCUNSTANCIA baixaremos a un depósito de almacenamento de zurro sen seguir a seguinte rutina:

- Baleirado completo do mesmo.

- Ventilación total durante, polo menos, 24 horas antes. Si existe posibilidade de ventilación forzada, aplícala.

- NUNCA traballará unha única persoa nestes labores. Haberá, cando menos, outra persoa que non descenderá NUNCA ao depósito, pase o que pase.

- A persoa que baixe, baixará atada, de tal forma que se acontecese algo, a outra puidese sacala de inmediato.

- Tras as 24 horas de ventilación, e antes de baixar, tirar un papel acendido ao

fondo do depósito. Se este arde normalmente, sen que a lapa flutúe nin presente coloracións estrañas, pode baixar a persoa atada.

- SEMPRE que sexa necesario efectuar traballos de calquera índole en áreas deprimidas de sistema de recollida, evacuación e/ou almacenamento de zurro, estes traballos efectuaranse provistos de EQUIPO AUTÓNOMO (ver foto)



OUTRAS MEDIDAS

- Non se debe inxerir alimento ou bebidas, nin fumar mentres se efectúan as limpeza ou operacións de calquera tipo con zurro.

- Considéranse equipo de protección individual as botas de auga e os guantes. Máscara no caso da distribución de zurro), así como un buzo en boas condicións e unha viseira.

- Extremar as medidas de hixiene persoal nos períodos de traballo con este tipo de subprodutos.

- En caso de producirse unha ferida nestes traballos, ou con ferramentas que estiveran previamente en contacto con dexeccións, limpar coidadosamente con auga e xabón e acudir ao médico para que este ditamine se é necesaria a vacinación antitetánica ou outra medicación específica.

depósitos, a combinación resultante é extremadamente perigosa, e como tal debe ser tida en consideración por cal-

quera traballador ou traballadora que, circunstancialmente, deba desempeñar tarefas deste tipo.

Guía para evitar os abusos no cobro das facturas pola electricidade

Usuarios e usuarias queixanse pola suba constante do prezo da luz e pola complexidade dos recibos

Nos últimos tempos, estamos a sufrir unha suba desorbitada no recibo da luz, suba que padecen de xeito máis agudo as explotacións agrogandeiras por mor do uso da maquinaria específica para cada sector. Trátase dun problema complexo que, se ben ás veces se fai en base á legalidade, outras roza a estafa. De seguido, analizamos a nova factura da electricidade e explicaremos onde podemos atopar o xermolo das subas anómalas que padecemos, que tanto pode ser debido a erros das eléctricas como a anomalías nos equipamentos das granxas.

En primeiro lugar, cando recibades unha oferta dunha operadora eléctrica distinta á vosa, tede moito tino. Antes de asinar nada, pasade polo voso local do SLG para consultalo, pois temos constatado auténticas estafas.

En canto ao aumento espectacular do que lle pagamos ás eléctricas, pode ser debido a varios factores. En primeiro lugar, temos que fixarnos se a factura corresponde a consumos estimados ou a consumos reais. Isto ten que vir reflectido no propio recibo; por exemplo, nas facturas de Gas Natural Fenosa, que son as máis comúns, aparece nun recadro debaixo do historial de facturación (gráfica de barras).

1. Facturas de consumo estimado

Aquí a situación que máis atopamos é a dunha facturación moi elevada sen máis. As empresas normalmente escúdanse en que esa facturación estimada é similar á facturación do mesmo mes do ano anterior, co cal é boa cousa ter a man esa factura.

Ante isto pouco se pode facer. As reclamacións feitas para que se pasaran a ler os contadores mensualmente non tiveron nin tan sequera resposta. De ter a factura do ano pasado e ver que non coinciden os Kw/h facturados, deberemos poñernos en contacto coa empresa a través do seu número de atención ao cliente e preguntarlle a razón do incremento.

2. Facturas de consumo real

Neste caso, debemos fixarnos no histórico de facturación (gráfica). Aquí, o 90% dos casos que vimos aparecía un gasto que nada tiña que ver coa liña de consumo. Ante esta posibilidade hai varias opcións:

1. A lectura do contador foi errónea. Pode ser que a persoa que foi ler o contador se enganara. Diante disto, podemos comunicarlle á empresa o noso desacordo e facer que veñan a ler o contador outra vez. Normalmente, cando é por unha situación así, non hai problema e a empresa emite unha factura nova.

2. A lectura do contador coincide coa factura. Aquí xa temos un problema, porque a empresa non está facturando mal. O que adoita pasar é que, ou ben temos o contador avariado, ou ben temos algún elemento da nosa explotación que non funciona ben, aínda que non o pareza, e fai que aumente o consumo de electricidade. Isto adoita a pasar nas explotacións que fan queixo, por fallos nas cámaras frigoríficas, pois se o fallo fose no tanque de frío ou na muidora, decatariámonos antes. Se é este o voso caso, daquela hai que pagar a factura.

Tamén temos detectado casos de xente á que non lles vén o recibo durante longos períodos. Nestes casos, hai que reclamar por escrito que nos facturen, con dous posibles desenlaces: ou págase dunha vez, ou nos acollemos ao pago fraccionado que, habitualmente, ofrece a propia empresa. Neste caso, debemos insistir en que inclúan no noso expediente que imos pagar as facturas de forma fraccionada. Isto é moi importante, pois xa se deron casos de pago fraccionado que sufriron o corte do subministro, xa que constaba a factura como non pagada.

Se estades a sufrir algunha destas anomalías no cobro da luz, non dubidedes en pasar pola vosa oficina do SLG para consultalo.



O SLG rexeita o paquete lácteo publicado pola Unión Europea

Seguimos defendendo políticas que garantan prezos xustos para o leite

O SLG amosou o seu rexeitamento ao paquete lácteo que se publicou, o 30 de marzo, no Diario Oficial da UE, e que senta as bases para que os estados poidan obrigar a asinar contratos sen prezo

ás explotacións; amais de imposibilitar que se poida negociar o valor do leite de xeito colectivo e a través dunha interprofesional, ao crearse as organizacións de produtores e produtoras de leite (OPL).

Medidas como as devanditas deixan ao sector lácteo totalmente en mans da industria, e supoñen a renuncia a crear mecanismos para que os produtores e produtoras de leite teñan prezos estables que permitan integrar as subas dos custos de produción.

Para o SLG, as únicas medidas que poden atallar a crise que sofre o sector lácteo na Unión Europea e o peche de miles de explotacións cada ano, son tres:

1. Control público da produción e dos mercados para manter un equilibrio entre a oferta e a demanda, e para acadar uns prezos dignos, estables e remuneradores para as explotacións.

2. Negociación colectiva do prezo en interprofesionais nas que estean representados os axentes do sector: explotacións, industrias, distribución, consumidores e consumidoras e administración.



O descontento polas políticas leiteiras comunitarias xa ten levado as protestas do sector até as mesmas rúas de Bruxelas

3. Aposta por un modelo sostible a todos os niveis, que garanta a viabilidade das explotacións familiares; fronte á proliferación de grandes industrias de leite que concentran a miles de animais e usan un modelo insostible a nivel económico, social e ambiental.

De cara a avanzar nestas políticas, o Sindicato Labrego presentou un recurso diante do Ministerio de Agricultura demandando

que no Estado Español non se imponían forzosamente os contratos sen prezo ás explotacións, so pena de que estas perdan as axudas da Política Agraria Común (PAC), pois sería un xeito de extorsionar aos produtores e produtoras e deixarlle ás industrias as mans libres para que imponían os prezos que lle veña en gana e que, na Galiza, seguen a ser dos máis baixos da Unión Europea.

A soberanía alimentaria entra na axenda da FAO grazas á Vía Campesina

Entre o 22 e o 25 de marzo, celebrouse en Bos Aires (Arxentina) a terceira Conferencia para a Soberanía Alimentaria, na que participaron representantes de organizacións e colectivos de vinte países.

O máximo logro deste evento foi lograr que a XXXII Conferencia Rexional da Organización Mundial para a Agricultura e a Alimentación (FAO) de América Latina e o Caribe, que se celebrou entre o 26 e o 30 de marzo tamén en Bos Aires, inclúa o concepto de soberanía alimentaria de cara a elaborar as súas estratexias para os vindeiros dous anos (2012-2014).

■Seguridade versus Soberanía

Isto ten grande importancia, pois até o de agora, a FAO baseaba as súas políticas no concepto de seguridade alimentaria, que se basea en que haxa alimento suficiente para as persoas en todo o planeta, con independencia de quen o produza e como. Ademais, tamén se lle reclamou "deter e condenar o acaparamento de terras e outros bens naturais"

O 17 de abril denuncia o acaparamento de terras

Neste 2012, a Vía Campesina aproveitou o 17 de abril, Día Mundial da Loita Labrega, para denunciar un fenómeno global, o acaparamento de terras, ao que Galiza non é allea.

Segundo un comunicado internacional emitido por esta organización á que pertence o SLG, "o acaparamento de terras provocou a concentración de terras e recursos naturais en mans de grandes inversores, donos de plantacións, empresas madeireiras, hidroeléctricas

e mineiras, operadores turísticos e inmobiliarios, etc".

Na Galiza, o acaparamento de terras estámo-lo a sufrir, de xeito crecente, pola invasión dos nosos montes e as nosas agras por empresas enerxéticas (eólicos e agromasa) e por industrias como as da celulosa, as mineiras ou as piscifactorías; que están a provocar a regresión das terras agrarias e que as explotacións teñan, cada vez, menos base territorial e máis dependencias de mercar insumos a terceiros.

Francia prohíbe o millo transxénico MON-810

Diante da sementeira de millo do 2012, o goberno francés vén de prohibir temporalmente o cultivo do millo manipulado xeneticamente MON-810.

Ademais de Francia, tamén teñen prohibido o cultivo do millo MON-810 países como Alemaña, Hungría, Bulgaria, Austria, Grecia e Luxemburgo. Estas prohibicións mantéñense debido a que cada vez son máis as evidencias da toxicidade que ten o millo transxénico no gando que se alimenta con

el. Segundo o xornal británico Daily Mail, o consumo de millo transxénico produce unha escuma chea de metano no esterco de porco, téndose producido explosións nalgunhas granxas.

A maiores, os estudos realizados polo profesor Don Huber demostraron que o glifosato, herbicida ao que é resistente o MON-810 e cuxa utilización está asociada ao seu cultivo, provocou o nacemento dun novo patóxeno asociado con abortos espontáneos no gando.

O SLG diante das eleccións a consellos reguladores

O vindeiro 3 de xuño, haberá eleccións para renovar a composición dos consellos reguladores das denominacións de orixe (DO) e indicacións xeográficas protexidas (IXP) na Galiza. O Sindicato Labrego Galego tentará ter presenza nos censos de produtores e produtoras de todas elas, tanto participando en listas de consenso como presentando alternativas propias. Neste suplemento especial, damos conta da nosa representación e propostas para o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica, Mel de Galicia, Ternera Gallega, Pataca de Galicia, Monterrei, Valdeorras, Rías Baixas, Ribeiro e Ribeira Sacra



Continuidade na IXP Mel de Galicia para dignificar os prezos e a actividade apícola

No Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida do Mel de Galicia, fixose unha lista de consenso impulsada pola Asociación Galega de Apicultura (AGA). Nesta lista, polo censo de produtores e produtoras, vai un compañeiro do Sindicato Labrego Galego: Miguel Méndez.

Neste consello regulador hai dúas listas alternativas, pero o máis probable é que se chegue a un acordo para evitar a confrontación electoral.

Miguel Méndez xa formou parte do consello regulador durante o anterior mandato, e a opción de chegar a acordos para facer unha única lista baséase en presentar propostas de consenso e

chegar a unha unidade do sector.

O fin fundamental co consello regulador é promocionar os nosos meles para que teñan maior saída no mercado e, deste xeito, melloren os prezos e a rendibilidade das explotacións apícolas galegas. Deste xeito, preténdese conseguir un contexto no que máis xente se anime a instalar e coidar

colmeas, que poden ser un complemento económico importante dentro da actual crise. Ademais, para o SLG o sector apícola ten enorme importancia porque as abellas son fundamentais na polinización e, polo tanto, teñen unha repercusión positiva na agricultura. Sen abellas non hai vida, e nos tempos actuais a abella necesita dos apicultores e das apicultoras. Dende o SLG, a través de Miguel Méndez, enfrontamos o novo mandato na IXP Mel de Galicia co ánimo de que os nosos meles e a apicultura galega consigan ter o recoñecemento que se merecen.



Miguel Méndez, do SLG, xa formou parte do consello regulador da IXP Mel de Galicia

Batería de propostas para mellorar a comercialización na IXP Pataca de Galicia

As propostas do Sindicato Labrego Galego para a Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Pataca de Galicia pasan por mellorar todo tipo de accións sobre aspectos fundamentais para a comercialización e calidade do produto como controlar as entradas e saídas de almacén, vixiar a publicidade enganosa en puntos de venda, evitar o abuso de químicos ou a entrada de transxénicos, ou mellorar na relación con consumidores e consumidoras.

As demandas do Sindicato Labrego Galego para a Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia son as seguintes:

1. Control estrito da pataca en toda a IXP: Incluindo controis de campo en parcelas e control da entrada e saída nos almacéns comercializadores.

2. Seguimento e combate á publicidade enganosa nos puntos de venda.

3. Plan de promoción e comercialización para a IXP Pataca de Galicia.

4. Debater co sector o orzamento e a estratexia de **promoción**.

5. Posta en marcha de iniciativas e axudas que favorezan a **investigación e produción de novas variedades** de pataca aptas para a IXP.

6. Non permitir produtos obtidos con organismos manipulados xeneticamente (patacas transxénicas).

7. Establecer e favorecer prácticas sustentábeis, limitando o emprego de agroquímicos, creando un listado de produtos prohibidos, etcétera.

8. Comunicación cos consumidores e consumidoras (asociacións, etcétera), para ver que opinan e que propoñen para mellorar o produto.



9. Medidas de control nos mercados para garantir que non existan residuos no produto final.

Cómpren moitas melloras nas relacións entre o sector produtor do CRAEGA e o sector consumidor



Candidatura:

**CENSO A
PRODUCCIÓN VEXETAL**
O Ruevo S.C.
Elia Rodríguez Álvarez
María Dolores Lea Santiso
Manuel Docampo Paradelo
Belén Borjas Pérez

**CENSO B
PRODUCCIÓN ANIMAL**
Antonio Carral Sucasas
Xosé Luís Fenández Segade
María Olga Alba Alonso
Vicente Prieto Ledo



Charo Sánchez Parga (O Ruevo S.C.), arriba, e Antonio Carral, abaixo, encabezan os censos de produción vexetal e animal, respectivamente

1. Incluir ao sector consumidor: Modificación do regulamento de cara a inclusión no pleno do sector consumidor.

2. Asegurar a gratuidade das análises de terra e residuos nas explotacións ecolóxicas durante cinco anos. O CRAEGA debe facer en tódolos casos análises previas á inscrición no rexistro de operadores. Estas análises débense facer de xeito minucioso en tódalas parcelas que se van inscribir.

3. Criterios sociais nas normas de produción, transformación e comercialización.

4. Establecer a figura de produtor/a-elaborador/a. Certificación da granxa no conxunto con menos gravame.

5. Introducir as particularidades da situación xeográfica e topográfica de Galiza na normativa, destacando o positivo do minifundismo no desenvolvemento do modelo de produción ecolóxica.

6. Elaboración de criterios para a asistencia do CRAEGA ás feiras: Obxectivos e avaliación posterior. Asistencia do CRAEGA as feiras galegas, facilitando a asistencia dos produtores e das produtoras.

7. Certificar só produtos de orixe galega: Modificar a lexislación para certificar coa etiqueta do CRAEGA só produtos transformados ou envasados que teñan orixe de produción galega. Identificación da procedencia das materias primas.

8. Apoio á apertura ao público das explotacións ecolóxicas como promoción da agricultura ecolóxica relacionando os produtos e os consumidores e consumidoras cos produtores e produtoras.

9. Fomento: Campañas de cara ao fomento da produción ecolóxica.

10. Venda directa: Campañas específicas de fomento da venda directa.

Aposta pola calidade e pola agricultura familiar nas denominacións de orixe do viño

Unha vez máis, o Sindicato Labrego Galego presentará candidaturas a todos os consellos reguladores vinícolas ou, cando se trate dunha lista consensuada coas outras organizacións agrarias, como na Ribeira Sacra, incluírá afiliados ou afiliadas que defenderán as principais demandas do SLG para o sector vitivinícola galego. De seguido, resumimos estas propostas.

1. Control estrito da produción:

Hai que aterse con total rigorosidade ao establecido polo regulamento dos consellos reguladores. Con isto, evitamos a sobreproducción e a picaresca que logo se fai por parte das adegas, xogando coas tarxetas do viticultor.

2. Control rixido e estrito da fraude:

Tanto na entrada de uva nas adegas como nos aforos de viño. Este control deberíase estender á fraude na venda de viño sen etiquetar.

3. Ampliacións das denominacións de orixe:

Delimitación do ámbito xeográfico das denominacións de orixe con seriedade e rigor, baseada en criterios técnicos e non políticos.

4. Modelo de produción:

Os recentes escándalos alimentarios (dioxinas, antibióticos, etcétera) deben facernos reflexionar sobre o modelo de produción que queremos, e cuestionarnos se queremos seguir pola vía da utilización inxente de abonos, produtos fitosanitarios, mecanización, etcétera).

Fronte a isto, o Sindicato Labrego Galego defende o **modelo de produción da agricultura familiar** que xa está a promover noutros sectores. Dende o SLG entendemos que dende os consellos reguladores deben avanzar na información, investigación e promoción dun modelo de produción sostible e respectuoso co medio ambiente, que compatibilice os avances

científicos cos métodos tradicionais de produción. En canto a abonos e fitosanitarios, deberíase incentivar un uso racional destes, mesmo introducindo as modificacións e restricións precisas no regulamento das denominacións de orixe.


En consonancia co devandito, o Sindicato Labrego Galego rexeita frontalmente o uso de patróns e levaduras que sexan modificados xeneticamente (transxénicos).

5. Aposta polos viños de calidade:

Apoiando e incentivando o uso de variedades autóctonas para a elaboración de viño.

6. Control estrito das novas plantacións:

Trátase dunha cuestión que cómpre debater diante dos excesos de produción e almacenamento masivo de viño que se está a producir en moitas adegas.



Candidaturas:



Censo A, sector produtor: Senén Madarnas Ramos, María Emilia Pivida Vázquez, Pablo Penelas Febreiro, Nila Lorenzo Martínez e Xosé Luís Fernández Merens.

Censo D, sector colleiteiro: Xosé Estévez Fernández, e Fernández Rodríguez S.C.

Ribeira Sacra: En Ribeira Sacra fíxose unha lista de consenso na que o Sindicato Labrego Galego estará representado por Primitivo Lareu.



Censo A, sector produtor.

Subcenso A1 ≤2 Ha. (O Rosal): María Carme Miranda Pulido e Aquilino Pérez Martínez.

Subcenso A1 ≤2 Ha. (Salnés e Ribeira do Ulla): Valentín Buceta Güimil, María Divina Valle Oubiña, Manuel Fernández Torres, Bernardina Sineiro Pintos e Ricardo López Costas.

Subcenso A1 ≤2 Ha. (Condado e Soutomaior): Manuel Carrera González e Juan José Pérez Martínez.

Subcenso A2 >2 Ha (Condado e Soutomaior): Bodegas Corisca S.L. e José Gabriel Rodríguez Ríos

Subcenso A2 >2 Ha (O Rosal): José Carlos Quintás Pérez e Ramón Verde Rodríguez.

Censo A, sector produtor: Antonio García Fernández, María Ángeles Pérez Pato, Andrés Nogueira Álvarez, Cristina Dafos Gómez e Francisco Vázquez Vega.



Censo A, sector produtor: José Luís Francisco Pérez, Ángel Manuel Justo Santana, José Pedro Santana Salgado, Francisco Pérez Diéguez e Eugenio Fernández Lorenzo.



Algunhas das persoas que integrarán as candidaturas do SLG ao viño. De esquerda a dereita e de arriba a abaixo: Primitivo Lareu (Ribeira Sacra), Ramón Verde (Rías Baixas), Antonio García, Cristina Dafos, Ángeles Pérez e Andrés Nogueira (Valdeorras)

O labor do SLG nos últimos anos afortalou ás explotacións familiares na IXP Ternera Gallega

Durante todo o tempo que Ternera Gallega leva funcionando, dende o Sindicato Labrego Galego sempre se colaborou para potenciar a diferenciación, para garantir a calidade e para que a marca sirva para mellorar as condicións e os rendementos das explotacións familiares, traballo no que continuamos, xa que hai moitas cousas que se poden mellorar. Defendemos a existencia de Suprema como marca para a carne das explotacións, de mellor calidade, xa que ao principio pretendíase que toda a produción fose para Ternera "normal". É dicir unha única marca para carnes moi diferentes Dende a democratización do Consello Regulador (agosto 2007) tivemos ao noso representante, Xosé Álvarez Lombardero "Candelos", que fixo un labor fundamental de defensa dos criterios e propostas do SLG. De seguido, facemos un repaso breve a todo este traballo.

1. Defendemos sempre o control da fraude e a esixencia de alimentación de calidade. Así, conseguimos a prohibición da monensina (antibiótico destinado á manipulación química ruminante que mellora a eficiencia alimentaria), dos pensos homologados pola IXP.

2. Defendemos a marca como garantía de calidade e de mellora de prezos para as explotacións. Moitas veces non valoramos esta influencia, pero os prezos dos becerros en Galiza andan neste momento entre os 4,10 e 4,70 €; se non houberse marca de calidade e de diferenciación, estaríamos falando dos prezos da carne sen identificar que se vende fóra de Galiza entre 3 e 3,5 € por quilo.

3. En canto ás razas, defendemos que puidesen estar dentro da IXP todas as explotacións, xa que iso considerámolo máis importante que a raza. O que se pretende desde a lexislación é que só sirvan razas

autóctonas e cruces destas (Rubia Galegas e as Morenas do Noroeste). Con estes criterios, boa parte das explotacións do País (a Montaña de Lugo) quedarían fora porque a raza tradicional é a Asturiana dos Vales, que non podería estar na IXP. A día de hoxe, e grazas ao traballo e á insistencia do noso representante, conseguiu-se que todas as razas tradicionais (que levan máis de vinte anos implantadas no territorio) poidan venderse na marca. Pensamos que a marca ten servir para vender mellor os xatos das nosas explotacións, non para mellorar e implantar as razas autóctonas, xa que iso debe facerse desde outros sitios.

4. En canto á diferenciación de Suprema, conseguiu-se que os becerros poidan ser identificados como Suprema se maman durante sete meses, e non ata o sacrificio, como se pretendía. O cebo tradicional, na maioría das nosas explotacións, incluía o destete. O noso representante conseguiu facer

entender isto ao consello regulador e hoxe todos os becerros das explotacións familiares son Suprema.

5. Oposición a que se alongue a idade dos becerros de TG até os doce meses e a que se reduza a idade dos de Suprema a oito. En canto ás idades, houbo unha proposta doutro Sindicato (UUAA), de alongar a idade dos becerros TG ata 12 meses, e reducir a de TGS a 8. Para o SLG, esta medida prexudicaba seriamente ás explotacións familiares, sobre todo ás de extensivo, en beneficio do cebo industrial, razón pola que o noso representante se opuxo, conseguindo que esa proposta non fora adiante.

6. O comercio acadou representatividade no consello regulador. En canto á representatividade; ata agora os comerciais non tiñan representatividade no consello regulador como teñen os matadoiros e salas de despece. Agora, un representante destas será ocupado polos comerciais, ao



Candidatura:

Censo A

Adolfo Cabarcos Saavedra
(Refol S.C.)
Xusta Sabio
(Ganadería Sabio S.C.)
Xosé Álvarez Lombardero
Herminia Salgado Corbal
Pablo Losada Álvarez
Esther Rielo Rancaño

aprobarse a proposta do noso representante.

Como se ve, Ternera Gallega é un proxecto común do sector, no que o SLG achegou moitas propostas e iniciativas, e onde pelexou moito para que poida servir mellor ás nosas explotacións. Agora, queremos seguir facéndoo, xa que nos parece que queda moito camiño por andar, ata conseguir que a IXP sexa quen de comercializar toda a produción que as explotacións queiran vender baixo a marca. Ese será o noso traballo para o próximo período.



De esquerda a dereita, algunhas das persoas que integran a candidatura do Sindicato Labrego Galego á IXP Ternera Gallega: Adolfo Cabarcos Saavedra, Xosé Álvarez Lombardero, Pablo Losada Álvarez e Esther Rielo Rancaño

A Xunta defende a industrias lácteas morosas como Lácteos Tambre

A conselleira de Medio Rural xustificou ante o Parlamento de Galicia os impagos e non achegou solucións

A conselleira de Medio Rural, Rosa Quintana, compareceu hoxe, 9 de maio, diante do Parlamento de Galicia para explicar que medidas pensa tomar para solucionar o problema de

impagos de empresas como Lácteos Tambre, que deben varias entregas de leite ás explotacións que lle fornecen de materia prima dende hai máis dun ano. A intervención de Rosa Quintana

producíase a instancias dunha pregunta formulada pola deputada do BNG, Tareixa Paz. En resumo, Quintana xustificou o inxustificable, ao defender a posición de Lácteos Tambre



Os gandeiros e gandeiras mantiveron xuntanzas cos partidos políticos da oposición (á esquerda con Tareixa Paz, do BNG), mais non conseguiron a implicación de Medio Rural (á dereita, visiblemente decepcionados e decepcionadas trala intervención de Quintana no Parlamento)

Os argumentos da conselleira foron que a Lácteos Tambre lle deixou de ingresar Clesa, que era quen lle compraba a ela. En canto ás accións levadas a cabo para forzar a Lácteos Tambre a pagar, Rosa Quintana dixo que “o abano competencial autonómico neste ámbito é escaso”, de maneira que Medio Rural se limitou a “ofrecer avais públicos ou crédito do Igape” e a “servir de ponte”.

A falla de medidas efectivas por parte da Consellaría de Medio Rural decepcionou fondamente aos e ás titulares

das explotacións afectadas, algunhas delas con sentenzas xudiciais favorables para cobrar e que aínda non ingresaron nin un céntimo, por moito que Rosa Quintana afirmase que lle constaba que “algunhas explotacións xa cobraron”.

Carme Freire cualificou o comportamento da conselleira como “denigrante” porque “unha persoa que ten responsabilidade política e que, ademais, é a conselleira de todo o sector, incluídos produtores e produtoras, aos que debe defender, non pode exculpar

a Lácteos Tambre argumentando que xa lle pagou a algunhas explotacións, pois é o mesmo que dicir que aquelas que seguen aturando débedas lle traen sen coidado”. A secretaria xeral do SLG cualificou esta actitude de “irresponsable e denunciante socialmente”, co agravante de facela diante dos gandeiros e gandeiras afectados polos impagos que estaban no hemiciclo, e que “están a atravesar unha situación gravísima a nivel económico, en boa parte provocada pola morosidade de Lácteos Tambre”.

Esta decepcionante resposta da conselleira produciuse catro meses despois de que se comprometése a buscar solucións aos impagos, tras manter o SLG unha xuntanza con ela o 26 de xaneiro. Ante a falla de medidas, o Sindicato Labrego mantivo encontros cos grupos parlamentarios do PSOE e do BNG o 27 de marzo. Precisamente, a comparecencia da conselleira ante o Parlamento viuse forzada pola súa obriga a dar resposta oral á pregunta formulada pola deputada nacionalista, Tareixa Paz.

O SLG defende a calidade da carne galega

O Sindicato Labrego denunciou a falla de rigor dun estudio realizado pola Universidade de Harvard, no que se concluíu que o consumo de carne vermella aumenta o risco de padecer enfermidades e acurta a vida de quen as consume.

Non dubidamos que este estudio se fixese dun xeito academicamente correcto, pero cómpre aclarar que a

investigación tivo lugar en Estados Unidos, país onde predomina un xeito industrial de criar gando e onde están legalizadas hormonas de engorde, anabolizantes, antibióticos e outras substancias que están prohibidas nas ganderías da Unión Europea. Ademais, estaría ben saber quen custeou o estudio, pois boa parte da investigación das universidades estado-

unidenses está financiada por empresas privadas.

Diante de investigacións como a devandita, dende o SLG defendemos as nosas producións, con animais que se crían ao aire libre e se alimentan do leite materno, de pastos naturais e de pensos feitos en base a cereais e sen ningún tipo de aditivo, como os que teñen o selo de Tenreira Galega Suprema.

A carne que producen as nosas explotacións ten un grande prestixio acadado co traballo e investimento de moitos anos, e sería lamentable que a difusión de estudos coma este, que de seguro non teñen nada que ver coa carne producida na Galiza nin cos intereses das nosas explotacións, acabasen con esa credibilidade e confianza que temos no mercado.

A renda agraria en caída libre pola alza dos custes e os prezos á baixa

A luz subiu un 50% nos dous últimos anos, e o gasóleo un 69% dende 2005

Os prezos agrarios en Galiza, coma no Estado, mantéñense a niveis de hai cinco anos no mellor dos casos. Isto contrasta coa percepción da xente, que ve como os produtos que merca non paran de subir.

No caso do leite xa baixaron directamente, pois pasamos dun prezo medio de 0,365 € en 2007, que contrasta cos 0,279 € de 2009, os 0,286 € de 2010, ou os 0,309 de 2011.

Esta situación de prezos estancados ou á baixa contrasta coa suba constante dos custes de produción, o cal fai que os beneficios nas explo-

tacións practicamente desaparecesen nos últimos cinco anos.

A suba das materias primas para alimentar animais sufriu un incremento do 21% só no primeiro trimestre de 2012. E iso nunha conxuntura na que as explotacións son moi dependentes do exterior para acadar a alimentación do gando.

Se ben é certo que os prezos dos produtos en orixe subiron entre o 3% e o 5% nos últimos cinco anos (agás no leite), a suba do Índice de Prezos de Consumo (IPC) incrementouse moito máis.

A maiores, o que tampouco parou de subir foi o gasóleo, que se incrementou un 30 % no último ano, e un 69% dende 2005 a 2011 (pasou de 0,52 € / litro a 0,91, e hoxe xa chega aos 1,05 €).

Os fertilizantes sufriron unha suba semellante, e a enerxía eléctrica se disparou un 50 % nos dous últimos anos.

Gastos extraordinarios pola seca nas dúas últimas campañas

Nas últimas dúas campañas, os sectores gandeiros na Galiza víronse fortemente golpeados pola seca. Durante o inverno de 2012, as explotacións de vacún padeceron o impacto da seca do ano pasado, que lles impediu fornecerse de forraxes propias que tiveron que mercar fóra. Moitas explotacións entraron na primavera con todas as existencias de forraxe esgotadas, e víronse na obriga de mercar o 100% da alimentación para o seu gando. Respecto aos gastos que isto ocasiona, varían case día a día, pois o prezo da forraxe se está a disparar debido á seca. Podemos velo cuns exemplos:

■ Unha explotación láctea que merque as racións para o seu gando fóra gastaba, en marzo, unha media de 7 euros diarios por vaca en produción, e entre 4 euros e 5 euros para vacas secas. Se disto facemos unha media de gasto duns 6 euros por vaca, unha explotación de 100 unidades de gando maior (UGM) está a gastar, só en alimentación, en torno a 18.000 euros mensuais. E a situación empeorará, pois non se prevé poder facer a primeira colleita de silo.

■ Para unha explotación de vacún para carne, a herba seca que adquire fóra, que habitualmente é dunha calidade paupérrima, está entre 45-50 euros o rulo. Sumándolle os concentrados para facer unha porción equilibrada, encarece; polo que neste sector moitas explotacións están a alimentar as súas reses con mes-



A seca disparou o prezo da alimentación animal

turas para vacas secas de leite, gastando unha media de 4 euros por vaca e día. Agora mesmo, unha explotación de carne con 80 UGM estaría gastando en torno a 300 euros diarios / 9.000 euros ao mes.

Dende o Sindicato Labrego Galego, fíxoselle un chamamento á Consellaría de Medio Rural para que, neste 2012, non se volva repetir a súa vergonzosa inoperancia diante da seca do ano pasado, na que non moveron un dedo nin puxeron nin un céntimo diante das fortes perdas que sufriron todos os sectores agrogandeiros do noso país.

As explotacións subsisten grazas ao endebedamento xeneralizado en todos os sectores

O que queda claro é que as explotacións perden diñeiro por levar a cabo a súa actividade, e isto é unha verdade demostrable con datos do propio Ministerio de Agricultura. Segundo este, a renda agraria real pasou, en cinco anos, de 13.280,80 millóns de euros a 10.561,19. É dicir: un 25,75 % de descenso.

Por outra banda o Ministerio de Agricultura, con datos do Banco de España, demostra que as explotacións agrarias tiveron que tirar do crédito en 2011 para poder seguir coa actividade, xa que a Renda Agraria Total do 2011 foi de 22.181 millóns de euros, e o endebedamento do sector acadou os 22.436 millóns de euros. Este é o cuarto ano consecutivo no que o endebedamento supera á renda total.

Polo tanto, as explotacións non sobreviven de milagre, senón que sobreviven incrementando, ano tras ano, o seu nivel de endebedamento.

É obvio que a crise tamén está descapitalizando o mundo agrario e sumindo ás explotacións nun nivel de endebedamento do que non está nada claro que vaian poder saír. O que se avicña, polo tanto, non é nada alentador. O único xeito de saír do trollo é pola vía que o Sindicato Labrego Galego leva anos defendendo: regulación dos mercados, e reparto de beneficios ao longo de toda a cadea alimentaria que garanta uns prezos dignos en orixe que cubran os custes de produción e proporcionen rendas dignas pola actividade agraria.

A Mesa do Leite recorrerá á vía política para solucionar a crise de prezos

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Carme Freire, acompañada da responsable da Dirección do Leite do SLG, Lupe Prado, participaron na Mesa do Leite que se celebrou o 20 de abril en Compostela.

Ambas valoraron positivamente o acordo unánime de que só a vía política pode solucionar problemas como que non se dea fixado un prezo mínimo para o leite, ou que os gandeiros e gandeiras non saiban a canto lles van pagar o produto do seu traballo, con independencia de que asinen ou non contratos.

Neste senso, a Mesa do Leite acordou solicitar unha xuntanza do sector, ao máis alto nivel político na Galiza, co Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo.

Dende o Sindicato Labrego, explicou Carme Freire, "pedirémolle a Feijóo que defenda, dende Galiza, un posicionamento na Lei da Cadea Alimentaria, que está en fase de redacción por parte do Ministerio de Agricultura, para que obrigue ás distribuidoras a cumprir requisitos e normas de cara a que non sexamos gandeiras e gandeiros quen acabemos sufrindo sempre as baixadas de prezos, e para garantir que o valor de saída do leite en orixe cubra sempre os custes de produción e dunhas rendas dignas para a actividade gandeira".

"Se isto non se fai", engadiu a secretaria xeral do SLG, "seguiremos coma sempre, sufrindo o estancamento ou a baixada dos prezos en orixe, e vendo como o valor final do leite nos puntos de venda segue subindo".

Dende o SLG, tamén se lle pedirá a Feijóo que a postura que defenda Galiza diante da nova normativa para o sector lácteo na Unión Europea vaia no mesmo sentido.

SERVIZOS QUE CHE OFRECE O SINDICATO LABREGO GALEGO

FISCAL

- 👉 Estimación directa, módulos. 👉 Declaracións da renda.
- 👉 Contabilidade de SATs, Cooperativas, Comunidades de Montes, CUMAS, Sociedades Cívicas.

LABORAL

- 👉 Elaboración de nóminas e contratos.
- 👉 Altas e baixas na Seguridade Social.
- 👉 Pensións de xubilación e invalidez.
- 👉 Libros de Visita, altas e baixas médicas, etc.

ASESORÍA XURÍDICA

- 👉 O Sindicato Labrego Galego ofrece servizos xurídicos para todas as persoas afiliadas.

TRABALLOS TÉCNICOS AGRÍCOLAS

- 👉 Proxectos. 👉 Informes.
- 👉 Peritacións 👉 Medicións.

SEGUROS

- 👉 Seguros gandeiros (accidentes, enfermidades, saneamento e partos en gando de leite, morte de animais).
- 👉 Seguros para a agricultura . 👉 Seguros xerais.

MONTES

- 👉 Asesoramento integral en materia de montes para unha xestión sostible e multifuncional. 👉 Tramitación de axudas.
- 👉 Elaboración de estudos e proxectos de: ordenación, aproveitamentos, execución e seguimentos de obra.
- 👉 Asesoramento e proxectos de plantacións forestais.

OUTROS SERVIZOS

- 👉 Incorporacións e plans de mellora.
- 👉 Solicitudes da PAC.
- 👉 Transferencia e matriculación de vehículos normais e agrícolas.
- 👉 Reestruturación de viñado.
- 👉 Regularización de augas.
- 👉 Legalización de adegas.

Industria e AGV únense para rachar as negociacións na D.O. Rías Baixas

Mantiveron unha posición pechada contra o sector produtor e negáronse a chegar a acordos nos prezos

A Mesa do Viño da denominación de orixe Rías Baixas, que se celebrou o pasado 3 de maio en Pontevedra, rematou sen acordo de contrato e coas negociacións rotas debido á postura pechada que mantiveron o sector industrial e a Asociación Galega de Viticultura (AGV), entidade vinculada á Federación Rural Galega (Fruga). A última xuntanza da Mesa do Viño de Rías Baixas deixara sobre a mesa catro propostas que se ían debater ese día: a do SLG, a de XXAA, a da AGV e a da industria. A gran sorpresa foi que a industria asumiu a proposta da AGV.

Fronte a elas, o SLG chegou a unha postura común coas outras organizacións agrarias (XXAA e UAAA) encamiñada a fixar uns prezos dignos para a uva que permitan traballar nas viñas con criterios de calidade fronte á produción de grandes cantidades a baixo prezo, que é o que defenden as industrias e a AGV.

A pesares de que se tentou ceder nalgunhas franxas de prezo para chegar a un acordo conxunto sen prexudicar as rendas de viticultores e viticultoras, nin as industrias

nin AGV cederon, polo que a Mesa do Viño de Rías Baixas se saldou sen ningún tipo de acordo respecto aos prezos e ao contrato, e sen chegar a debaterse os prazos de pagamento.

Desde o Sindicato Labrego Galego, lamentamos a cerrazón das industrias e da AGV, e oporémonos a que impongan as condicións de compravenda que defenderon na Mesa do Viño, que prexudican gravemente ao sector produtor e só benefician á industria. Fronte a iso, o SLG seguirá defendendo



Bernardo Estévez (esquerda) e Salvador Martínez (dereita) representaron ao Sindicato Labrego na Mesa do Viño de Rías Baixas



unha produción baseada na calidade e en prezos para a uva que cubran os custes de

produción e xeren rendas dignas para os e as profesionais da viticultura.



NOVOS TEMPOS, NOVA AGROMUTUA

Queremos estar ao teu carón cando máis nos necesites.

Confía en **AGROMUTUA** para asegurar as cousas que realmente importan na vida.

902 50 44 43

agromutua@agromutua.es
www.agromutua.es



NOVOS
SEGUROS
AGROMUTUA



AGROMUTUA
O Noso Seguro en Todos os Campos

A industria dos eucaliptos pretende envelenar toda Galiza con Flufenoxuron

Trátase dun pesticida prohibido altamente tóxico que extermina as abellas e contamina a terra e as augas

Na Mesa da Madeira do 3 de abril, o SLG descubría o plan da Asociación Española de Fabricantes de Pasta, Papel e Cartón (Aspapel) de fumigar todos os eucaliptos de Galiza desde

helicópteros e cun pesticida altamente tóxico, o Flufenoxuron, que será prohibido en toda a Unión Europea a o 1 de agosto. Polo de agora, esta perigosa iniciativa conta co apoio da

Consellería de Medio Rural e de varios concellos, pero coa voz en contra de miles de persoas que están a responder á campaña de denuncia da Plataforma contra as Fumigacións.

Dende un primeiro intre, o SLG opúxose frontalmente a estes tratamentos con agrotóxicos contra a praga do gorgullo do eucalipto co produto Cascade, de BASF, que ten como principio activo o Flufenoxuron.

As fumigacións de químicos tóxicos dende helicópteros e avionetas non só afectarán aos insectos tratados, senón que contaminarán o solo, os acuíferos e as fincas veciñas; amais de envelenar ás especies vexetais e animais que estean na contorna, e mesmo ás persoas. Estamos a falar de 50.000 litros de insecticida que se pretende botar sobre 350.000 hectáreas de eucalipto, con independencia de que haxa cursos de auga ou núcleos habitados nas inmediacións.

■ En xaque o sector apícola e cultivos de horta e froita

Unha das especies máis afectadas polo envelenamento serán as abellas que, como teñen demostrado varios estudos científicos, están a morrer por millóns en todo o mundo debido ao uso de pesticidas. Máis alá do seu papel como produtoras de mel, as abellas xogan un papel fundamental na polinización das plantas con flores, entre as que se inclúen moitos dos principais cultivos de froitas e hortalizas. Por iso, o seu exterminio cos pesticidas está a ter consecuencias moi negativas na economía agraria.

Resulta lamentable que a administración pública e, en concreto, a Consellería de Medio Rural, se pregue a intereses empresariais aínda



Dúas imaxes da Foliada informativa de Melide, levada a cabo o 29 de abril: á esquerda, apicultores informando no mercado de produtos labregos da Praza das Coles; á dereita, Lidia Senra repartindo panfletos

que sexa a costa de contaminar de xeito indiscriminado, matar colonias enteras de abellas e poñer en perigo a

saúde pública. E iso cun pesticida prohibido que será retirado do mercado o 1 de agosto, o cal fai sospeitar de

que, tras todo isto, hai intereses empresariais que buscan vender os stocks de Cascade antes de sexa ilegal.

Máis de 80.000 persoas asinan en Internet contra as fumigacións

A resposta cidadá ao despropósito de fumigar toda Galiza con medios aéreos cun pesticida prohibido non se fixo agardar. En poucos días, articulouse unha potente campaña dende a Plataforma contra as Fumigacións, na que está o SLG, da que detallamos, de seguido, algunhas das súas accións máis salientables:

■ **24 de abril:** Denuncia ante a Fiscalía de Medio Ambiente da campaña de fumigacións con Flufenoxuron a través de medios aéreos.

■ **29 de abril:** Foliada informativa en Melide, onde o seu concello promoveu as fumigacións instando ás persoas propietarias de eucaliptais, a través de bandos e da web municipal, a dar permiso para que fumiguen as súas fincas. Performances nas rúas e información de ti a ti á cidadanía melidense para que tome conciencia do

que se lles vén enriba. En principio, planificárase unha manifestación para ese día, pero a Delegación do Goberno prohibíraa.

■ **3 de maio:** a oposición ás fumigacións con Flufenoxuron na Galiza chega ao Parlamento Europeo, a través da eurodiputada Ana Miranda.

■ **7 de maio:** A campaña "Salvem as abellas de Galicia" supera os 50.000 apoios a través de Internet e a oposición ás fumigacións na Galiza esténdese a todo o Estado Español.

Pola súa banda, a secretaria xeral do Sindicato Labrego, Carme Freire, xunto ao responsable local do SLG, Xulio Fernández, mantiveron encontros con todas as forzas políticas melidenses para darlles a coñecer a perigosidade do Flufenoxuron e buscar o seu apoio para evitar que se produzan as fumigacións.

O SLG esixe a retirada do borrador dos cultivos enerxéticos forestais

A transcendencia deste texto regulador debería obrigar a que fose debatido no Consello Forestal de Galiza

O Sindicato Labrego Galego vén de presentar unha batería de alegacións para impedir que saia cara a adiante o borrador que regula os cultivos enerxéticos forestais e que foi presen-

tado, o pasado 3 de abril, na Mesa da Madeira. Todas estas alegacións van dirixidas a pedir a retirada deste borrador, que o debate sobre os usos do monte sexa levado a ao Consello

Forestal de Galicia por mor da súa importancia, e que haxa unha consulta pública sobre a conveniencia ou non de mudar os usos multifuncionais dos nosos montes.

Os cultivos enerxéticos forestais afondarán no modelo da agricultura industrial, entendida como a suma de monocultivos, biotecnoloxía, agrotóxicos e capital financeiro. Para obter o máximo rendimento, estas plantacións requiren facer un traballo de control da vexetación competitiva, abonado, tratamentos fitosanitarios e incluso rega. De tal xeito que hai gran dependencia de insumos externos e aumenta o uso de produtos agrotóxicos.

Por todo isto, os cultivos enerxéticos non van contribuir a solucionar a crise agrícola, nin a climática, como nos prometen. Pola contra, esta vaga de cultivos enerxéticos non só non paliará o problema do cambio climático, senón que creará outros novos, xa que a maior parte da enerxía producida, consévese no cultivo e o procesado: no petróleo, agrotóxicos, rega, maquinaria, transporte e refinamento. A agromasa da madeira require un 57% máis de enerxía fósil que a enerxía producida.

Se sumamos a destrución de ecosistemas, a introdución de especies invasoras e organismos xeneticamente modificados nos nosos montes, o feito de que as plantas de procesamento son fonte de contaminación do ambiente e a saúde da cidadanía, definitivamente o balance é negativo. Van entrar en competencia coa produción alimentaria e o noso xeito de vida do medio rural intimamente ligado ao monte.

■Galiza non necesita máis produción enerxética

Hai que rexeitar de cheo a afirmación da necesidade de produción de enerxía eléctrica en Galicia. Somos un país excedentario e exportador. Non se fala pola contra de como cubrir as necesidades enerxéticas e alimentarias das explotacións e dos moradores do medio rural con produción propia e eficiente favorecendo o desenvolvemento de enerxías alternativas para autoabastecemento. O fin das políticas enerxéticas é favorecer a acumulación de capital das empresas. A industrialización e destrución do medio rural e dos nosos montes, vai parella á expulsión dos labregos e labregas e deriva nun medio rural sen persoas, afectando dende o campo a toda a sociedade.



Con este borrador, Medio Rural pretende afondar nun modelo industrial de monte ao servizo do lucro das industrias enerxéticas

O acaparamento de terras deixa sen base territorial ás explotacións

Por todo o devandito, dende o SLG esixiu unha avaliación en profundidade do custe social e ambiental dos cultivos enerxéticos forestais e tamén dos beneficios conseguidos polas empresas que os promoven.

Cómpre non esquecer que o Sindicato Labrego xa ten denunciado que se están a ocupar terras adicadas á produción de alimentos para destinalas a produción enerxética. Trátase de terras que manteñen postos de traballo e contribúen ó desenvolvemento e á vida do noso medio rural e que aportan un maior valor engadido ás rendas das persoas. Amparadas polo goberno, as empresas do aproveitamento de agromasa para produción enerxética, están a facerse con estas terras ofrecendo unhas cantidades de cartos por hectárea e ano, que non poden asumir os labregos e labregas que

viñan utilizando esas terras de xeito habitual mediante acordos cos/as propietarios/as.

Comezamos a ver este tipo de prácticas, nas que se están a facer plantacións de eucalipto nas mellores terras de monte e xa comezan a tentar as terras agrícolas. A realidade é que xa hai labregas e labregas que se viron privadas e privados do uso de pasteiros que serán obxecto de cultivos enerxéticos forestais.

A crise climática obriga a cambiar as políticas agrícolas e enerxéticas. É necesaria a reorientación das políticas agrarias cara o noso medio rural. Os nosos montes poden contribuir a facer fronte á crise actual da produción enerxética e o cambio climático, por outras vías distintas ás propostas, que dependen dun gran reforzo de subvencións públicas ao capital privado e a absentistas.

As mulleres protagonizan a loita labrega en Latinoamérica

A soberanía alimentaria, a terra, os recursos ou os dereitos das campesiñas como denominadores comúns

GUATEMALA

As mulleres da Coordinadora Latinoamericana de Organizacións do Campo (CLOC-Vía Campesina) en Guatemala renderon homenaxe ás miles de labregas que se sacrificaron por esixir unha vida, un traballo e un salario xusto e trato igualitario. Outra das súas demandas é a de esixir o cese da persecución e intimidación por parte do Estado e das empresas transnacionais infrinxidas ás mulleres defensoras dos dereitos humanos, defensoras da nai terra e dos bens naturais.

As principais demandas das mulleres da Vía Campesina en Guatemala son:

- Unha vida sen violencia, que cesen os femicidios, así como investigar, perseguir e condenar a quen comete estes crimes.
- Acceso, pertenza e control das mulleres á nai terra.
- Non á autorización de

Do mesmo xeito que na Galiza, as mulleres foron e son actrices fundamentais das loitas labregas en América. Aínda que temos exemplos de calquera país americano, eliximos Guatemala, O Salvador e Honduras

proyectos de explotación e uso da nai terra que veden o dereito á seguridade e soberanía alimentaria das comunidades, restrinxindo o acceso á terra para a sementeira de cultivos como millo e fabas, que son básicos para a súa alimentación.

O SALVADOR

A Comisión da muller da Comisión Nacional de Traballadores e Traballadoras do Campo (CNTC-Vía Campesina) no Salvador reivindica o protagonismo e a importancia da participación das mulleres na agricultura labrega, conservando os saberes ancestrais e coidando as sementes, garantindo a biodiversidade e a soberanía alimentaria dos pobos. As

para exemplificar o traballo desenvolvido polas mulleres labregas a prol de reivindicacións como a soberanía alimentaria, a defensa da terra e dos recursos naturais ou o propio emponderamento feminino.

mulleres do Salvador lamentan o feito de que as labregas produzan o 80% dos alimentos e sexan tan só propietarias do 2% das terras.

Os principais retos xuntos son a reforma agraria integral, a aprobación da Lei de Soberanía Alimentaria, acabar cos acaparamentos de terras e garantir a xustiza social.

HONDURAS

En Honduras, mulleres labregas indíxenas e afrodescendentes lanzan neste 2012 unha campaña polo acceso á terra, con demandas como a aprobación inmediata da nova lei de transformación agraria integral, a urxente formulación dun marco xurídico con perspectivas de xénero, o cese da

violencia que afecta ás mulleres e castigo para os asasinados das mesmas.

María del Carmen Oliva, do movemento de Lis Lis departamento de Atlántida, ao norte de Honduras, expresa "pedimos terra para traballar e poder manter e educar ás nosas fillas e fillos. No meu movemento somos oito empresas. Actualmente, estamos desaloxadas. Deixáronnos á intemperie coas nosas familias, porque neste país a terra é para os ricos, pero nosoutras dicimos que a terra é nosa, das de dos pobres. Somos do campo. Non podemos vir á cidade. De que imos vivir aquí? Necesitamos terra para traballar. Pedimos ao Congreso que lexisle para o pobo e non para os poderosos e as grandes transnacionais".

A Secretaría das Mulleres xestiona a continuidade do programa Punto Delas

A responsable da Secretaría das Mulleres do SLG, Isabel Vilalba, e a técnica Ana Eiras, mantiveron, o pasado 27 de marzo, un encontro coa nova responsable de Igualdade na Consellaría de Benestar, Susana López Abella, que substituíu a Marta González, o pasado 27 de marzo.

Entre os temas tratados, estivo a continuidade do programa Punto Delas, consis-

tente na creación de centros comarcais de información especializada para facilitar ás mulleres que viven no medio rural un servizo de atención sen necesidade de desprazarse fóra do seu domicilio, superando as dificultades de factores como a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación ou a menor oferta de servizos e infraestruturas no medio rural.



A Secretaría Xeral de Igualdade volverá financiar o programa Punto Delas, que desenvolve o SLG nas principais comarcas galegas

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA MULLERES



016

Non permitas que te maltraten. Solicita axuda no teléfono 016.

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Reclamacións para poder cobrar a pensión mínima

A pensión mínima de xubilación para o ano 2012 é de 587,00 €, sen cónxuxe a cargo, e de 763,60 € con cónxuxe a cargo. En xaneiro, as persoas xubiladas recibiron unha comunicación do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) coa pensión que se vai cobrar para 2012.

Hai bastantes casos nos que aínda tendo complemento a mínimos na pensión, esta non chega a pensión mínima. Por esta razón, quen esteades nesta situación, tedes que facer unha declaración de ingresos para que se vos pague a pensión mínima que vos corresponde pola vosa situación persoal.

É importante que pasedes canto antes polo SLG para informarnos e facer a xestión correspondente, xa que existe a posibilidade de obter a prestación con carácter retroactivo (tres meses atrás).

Axudas para a modernización das explotacións agrarias e para incorporación de xente moza

Estas axudas teñen por obxecto:

■ **Plans de mellora nas explotacións agrarias.**
Os plans de mellora das explotacións agrarias suporan unha mellora integral e duradeira da economía da explotación agraria.

■ **Primeira instalación** de agricultores mozos ou mozas para persoas entre 18 e 40 anos de idade (principais modalidades de instalación)

▶ Acceso á titularidade exclusiva ou compartida da explotación agraria prioritaria, por compra, herdanza, pacto sucesorio, doazón, arrendamento, parzaría ou figuras xurídicas análogas.

▶ Acceso á cotitularidade dunha explotación agraria prioritaria.

▶ Integración como socio/a nunha entidade asociativa con personalidade xurídica, preexistente ou de nova constitución, que sexa titular dunha explotación agraria prioritaria.

O prazo para solicitar estas axudas estará aberto ate o luns **11 de Xuño de 2012**

Axudas para paliar a falla de liquidez provocada pola seca

Trátase de que as explotacións que teñan solicitada a PAC, poidan pedir un adianto da mesma mediante un préstamo bonificado.

Son axudas de *minimis*. Están dirixidas a explotacións que soliciten a axuda do réxime de pagamento único e que formalicen, antes do 30 de xuño, un préstamo con algunha das entidades colaboradoras acollidas ao correspondente convenio, por unha contía máxima equivalente ao 90% da cantidade solicitada da axuda do réxime de pagamento único.

A contía da axuda consistirá na bonificación de 3,25 puntos do tipo de xuro anual sobre o préstamo que o beneficiario subscriba coas entidades financeiras, sendo o xuro total máximo do 6,25%. Esta contía non poderá exceder 7.500 € durante un período de 3 anos, incluíndo o total de axudas de *minimis* percibidas polo beneficiario nese mesmo período.

O prazo para solicitar estas axudas remata o **15 de Xullo de 2012**.

Axudas para paliar os danos do lobo no gando

Axudas para compensar os danos ocasionados polo lobo no gando. Pódense acoller a estas axudas os propietarios e propietarias de gando afectado por **ataques de lobo producidos do 1 de outubro de 2011 até o 30 de setembro de 2012 na Galiza**, sempre e cando fosen comunicados dentro dun prazo de 24 horas á Consellería de Medio Rural.

Axudas ás mulleres que sofren violencia de xénero

A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo. Segundo o caso, as axudas poden ir dos 300 aos 800 euros ao mes, dependendo do nivel de rendas e dos fillos e fillas ao cargo da solicitante.

O prazo de solicitude rematará o **31 de outubro de 2012**.

Nova normativa para poder almacenar fitosanitarios nas explotacións agrarias

O 25 de abril, entrou en vigor un decreto que lle afecta aos establecementos onde se almacenan e venden produtos fitosanitarios, pero tamén contempla no Anexo II a cantidade máxima de produtos deste tipo que se poden ter almacenados nunha explotación:

1. Cantidades máximas que poden ser almacenadas para uso na propia explotación sen necesidade de declarar a existencia do almacén (uso reducido):

■ Substancias da clase **Xn, nocivos**: ata 1.000 quilos ou litros.

■ Substancias da clase **T, tóxicos**: ata 250 quilos ou litros.

■ Substancias da clase **T+, moi tóxicos**: ata 50 quilos ou litros.

2. Cantidades máximas que poden ser almacenadas para uso na propia explotación coa obriga de declarar a existencia do almacén (uso reducido):

■ Substancias da clase **Xn, nocivos**: desde 1.000 quilos ou litros ata 5.000 quilos ou litros.

■ Substancias da clase **T, tóxicos**: desde 250 quilos ou litros ata 1.250 quilos ou litros.

■ Substancias da clase **T+, moi tóxicos**: desde 50 quilos ou litros ata 250 quilos ou litros.

Compra - Venda - Troco

<p>Véndese -Tractor Ebro 470, con ITV e documentación. En bo estado. Zona de Castroverde Chamar ao 982 176 201</p>	<p>Véndese -Desensiladora MAKEY, de 1,60 de ancho e 2 tipos de enganche. Bo estado. Preguntar por Xabier no teléfono 699 396 665</p>	<p>Véndese -Rulos de palla e macropacas. Apta para comer. Na zona da Limia. Chamar ao 661 736 998</p>	<p>Véndese -Carro mesturador con fresa marca ZAGO, con 11 m. de capacidade. Documentado. Con descarga a ambos lados e toma de forza homocinética. Na zona de Umbría (A Coruña). Preguntar por Xosé no teléfono 679 875 221</p>	<p>Véndese -Touro raza Limusin . Chamar aos números de teléfono 685 884 257 e 982 207 733</p>
<p>Véndese -Remolque para cargar rolos de 4.90 m. de longo e 2.20 m. de ancho, con freo hidráulico. Zona de Castroverde. Chamar ao 617 655 320</p>	<p>Véndese -Máquina para recoller patacas marca GRIMME, con dirección e moega (tolva) alta. -Desbrozadora de patacas de tres regos con coitelas. -Motor de regadío, 14 ou 19 CV. -Cinta transportadora de 6 m. -Tubo de regadío de 3 polgadas. Chamar aos números de teléfono 619 904 183 e 988 462 783</p>	<p>Véndese -Vaca de cruce. Chamar ao 689 752 400</p>	<p>Véndese -Rastrillo ringleirador FELLA. Estende moi ben a fileira. Bo prezo. Preguntar por Alberto no teléfono 618 654 350</p>	<p>Véndese -Tractor Renault 651 con poucas horas de traballo. -Arada Lacasta. -Sulfatadora Matabi 350 litros (dúas pistolas). -Desbrozadora de cadeas (1,50m). Zona Compostela. Chamar ao 690 064 010</p>
<p>Véndese -Dúas desensiladoras de cadeas, unha marca BVL e outra marca Mullos. Chamar ao 689 553 042</p>	<p>Véndese -Renault Clio 5 portas, gasoil, dirección asistida, elevafiestras eléctricos con 200.000 Km. e revisión a data de hoxe. 1.500 €. No Corgo (Lugo). Chamar a o 982 176 748</p>	<p>Véndese -Xatas frisoas próximas ao parto. Zona de Portomarín Chamar aos números de teléfono 982 157 768 e 697 422 304</p>	<p>Véndese -Autocargador de 13 coitelas. Na zona de Cesuras. Chamar ao 650 158 948</p>	<p>Véndese -2 invernadoiros, de 1000 m cada un. -Furgón MB 180 D Preguntar por Xosé Ramón nos números de teléfono 981 504 082 e 620 296 711 (zona Compostela)</p>
<p>Véndese -Repartidor de esterco marca Herculan. Ano 2002, unha soa man, 4 rotores verticais. Documentación e ITV por un ano. Na zona da Limia. Chamar ao 661 736 998</p>	<p>Véndese -Segadora de 5 discos, 2 m. de corte. -Seat Toledo Diesel. Chamar ao 615 108 486</p>	<p>Véndese -Autocargador de 13 coitelas. Na zona de Cesuras. Chamar ao 650 158 948</p>	<p>Véndese -Fresadora HOWARD 1,85 de traballo, enganche automático. Chamar ao 650 158 948</p>	

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Vacas de leite por cese de actividade.
Chamar ao 630 818 278

Véndese

-Cabritas de recría.
Chamar ao 691 997 142

Véndese

-Grada sacudadora de tres regos sen estrear, con arado para abrir regos de patacas. Zona O Corgo.
Contactar con Xabier no teléfono 663 470 286

Véndese

-Tractor Ford, con pala incorporada, dobre tracción e rotativa. En bo estado.
-Circuíto Alfa Laval con lavador automático de 3 puntos, con motor de bomba para 6.
Por peche de explotación. En moi bo estado.
Preguntar por Concha no teléfono 982 574 687

Vendese

-Viño branco e tinto, augardente branca e de herbas e licor café.
-Can Pequínés e gatos amarelos laudos.
-Carro de vacas de ferro en bo estado para uso ou como antigüidade.
-Cordeiros/as de raza Merina.
-Garrafas de segunda man de 20 a 60 litros.
En Verín (Ourense).
Preguntar por Xosé Antonio no teléfono 615 015 214

Véndese

-Camada de mastíns. En Monfero.
Chamar ao 626 194 490.

Véndese

-Roto Gallignane modelo 3200.
-Tanque de frío de 450 litros.
-Arado M-4.
-Aboadora Nardy 400 kg.
Chamar ao 646 336 125

Véndese

-Cisterna de 3.000 litros con documentación.
-Fresadora de 2 m. de traballo, ano 2008.
-Remolque de segadora con arco; 2,10 m. x 1,35 m.
Na zona de Melide.
Chamar ao 667 469 962

Véndese:

-Desensiladora de mordaza marca Tenias.
-Renault 19 1.9 diesel. Bo prezo.
Chamar ao 647 777 498

Véndese

-Cachenas a bo prezo.
Chamar ao 696 432 686

Véndese

-Becerro marcado de Rubia Galega de 13 meses. Libre de IBR, DUD...
Chamar ao 648 187 857. Na zona de Betanzos.

Véndese

-Tractor John Deere 3340, tracción 4 rodas, cabina e pa.
Chamar aos números de teléfono 670 886 201 e 986 601 351

Véndese

-4 xovencas frisoas.
-Desensiladora Khun.
-Bañeira de 1.200 litros.
Na Pastoriza (Lugo).
Chamar aos números de teléfono 982 332 065 e 690 338 209

Véndese

-Motocultor de 14 CV.
-Máquina de limpar o cereal e un -Arado gravante.
Zona de O Corgo (Lugo).
Chamar aos números de teléfono 982 175 132 e 648 718 864

Véndese

-Arado de dous regos seminovo. En Outeiro de Rei (Lugo).
Chamar ao 626 334 770

Véndese

-Autocargador-picador CLASS 135 P. En bo estado.
Preguntar por Manolo no número 676 435 417

Véndese

-Tanque marca Zero de 1800 litros. Trifásico. En bo estado.
Chamar aos números de teléfono 982 349 324 e 699 975 440

Véndese

-Pinza cortasilos marca MAKEY. En bo estado.
Chamar ao 661 332 970

Véndese

-Cornadizas de 8 prazas.
-Sala de muxido de 6 puntos con medidores, motor trifásico, marca Gascoigne.
Chamar ao 625 660 271

Véndese

-Cachorros de raza mastín.
Chamar ao 630 561 310

Véndese

-Mastíns de raza recoñecida pola Sociedade Canina Galega. Zona Monfero (A Coruña).
Chamar ao 626 194 490

Véndese

-Xovencas de leite preñadas. Zona Cesuras (A Coruña).
Chamar aos números de teléfono 981 790 233 e 616 289 926

Véndese

-Mitsubishi Pajero 2500, con carrocería Montero.
Chamar ao 609 311 416

Véndese

-Colleitadora de patacas na zona de Aranga.
Preguntar por Xosé no teléfono 636 954 672

Véndese

-Sala de muxido de 6 puntos con medidores de Gaiscoigne (con motor trifásico).
-Tanque-bañeira de 1.400 litros (motor trifásico).
Chamar ao 625 660 271

Véndese

-Chantons ou vargos. Zona de Abadín (Lugo)
Chamar ao 666 370 172

Véndese

-Xovencas próximas ao parto.
Chamar ao 686 837 970

Véndese

-Rastrillo hilerador marca KUNH.
-Rotativa de 5 discos.
-Tanque de frío de 650 litros.
-Motor de rega con equipo.
Chamar ao 686 837 970

Véndese

-2 ovellas. Comarca da Estrada.
Preguntar por Carne no teléfono 658 079 956

Véndese

-12 ovellas paridas con años.
-1 macho.
Preguntar por Andrés no teléfono 981 432 192

Véndese

-Tractor Kubota de 170 cabalos. 4.500 horas, en moi bo estado En Outeiro de Rei (Lugo).
Chamar ao 626 334 770

Véndese

-Máquina de cortar silo marca Khun, con dobre coitela de aceiro e poldro. En moi bo estado.
Chamar aos números de teléfono 981 500 608 e 699 334 378.

Vendese

-Tractor Massey Ferguson 147, en bo estado. Na zona de Monforte.
Chamar entre as 2 e as 3 da tarde ao 982 426 563

Véndese

-Sementadora de millo de seis liñas telescópica.
-Rotativa SM 320 de 3 metros.
-Grade de discos.
Chamar aos números de teléfono 676 211 386 e 650 010 179

Véndese

-Sala de muxido marca SAC-SENIOR de 1x3. En Ordes.
Chamar ao 981 682 321

Véndese

-Sequeiro de pedra no Courel (Soldón da seara).
Preguntar por Alvaro no teléfono 625 134 456

Véndese

-Autocargador de segunda man. Na comarca do Xallas.
Chamar ao 981 894 317

Véndese

-Tractor de dobre tracción.
Chamar ao 660 221 250 en sábado ou domingo

Véndese

-Grade de discos suspendida; seminova.
-Empacadora de 2006, seminova, con dúas campañas de traballo na mesma casa.
Na zona de Arzúa.
Preguntar por Suso no teléfono 677 625 245

Véndese

-Mastíns de raza recoñecida pola sociedade canina galega.
Zona Monfero.
Chamar ao 628 194 490.

Véndese

-Circuíto de 3 puntos ALFA-LAVAL.
-Centro de frío marca JAPY de 550 litros.
En Boimorto (A Coruña).
Chamar ao 660 485 856

Véndese

-Augardente, licores e viños do país.
Chamar ao 986 689 486

Véndese

-Repartidor de esterco de 6,5 tn, marca Herculoano, 4 rotores verticais, ano 2002. En moi bo estado.
-Rotovator de 2,5 tn de corte marca Alpe 60. Ano 2008. Coitela semicurva. En moi bo estado
Chamar ao 661 736 998

Véndese

-Autocargador rotativo marca Juscafresa.
Chamar ao 686 577 685

Véndese:

-Xovencas de raza Limousine.
-Picador Straumann.
-Enroladora 540 John Deere.
-Rotativa Deutsch Far de 1,95. Na zona de Lugo.
Chamar aos números de teléfono 982 160 116 e 690 774 565

Véndese

-Millo en gran.
Zona Compostela.
Preguntar por Rosa no número de teléfono 981 570 482

Véndese

-Mastíns, con posibilidade de adestramento para a garda do gando. Machos: 150 €. Femias: 100 €.
Na Pontenova (Lugo).
Chamar ao 685 181 659

Vendese

-3 eguas novas.
Chamar polas noites ao teléfono 988 457 400. Prezo negociable.

Véndese

-Tanque PACKO con capacidade 1200l de auga xeadada, monofásico. En funcionamento.
Chamar ao 659 661 342

Véndese

-Peugot 205 mito 1.7 diesel. Dirección asistida, eleva lunas eléctrico, aire acondicionado, faros de néboa e alarma.
-Remolque preparado para rolos de herba, con documentación.
-Cuba con capacidade 1000 litros e con dúas bocas, unha no fondo para sacar o bago.
-Muíño para enganchar o tractor para moer e machacar millo verde en cana.
En Paradela (Lugo).
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260.

COMPRAS

Mércase

-Autocargador con rotativa.
Chamar ao 981 605 270

Mércase

-Alambique para utilizar que estea en bo uso.
Preguntar por Xosé Antonio no teléfono 615 015 214 (Verín).

Mércase

-Empacadora de calquera marca.
-Colleitadora Deutz Fahr 1202.
Chamar polas noites ao teléfono 981 792 415. Preguntar por Xosé Manuel Carro.

Mércase

-Cántaros de leite usados. Prezo a convir, en función do número e do estado de conservación.
Chamar ao 656 289 587

OUTROS

Arréndase

-Casa con terras n'A Golada.
As persoas, preferentemente interesadas en proxectos de agricultura ecolóxica, poden chamar ao 669 810 937

Búscase

-Can con carácter para coidado de finca. Que non sexa de raza perigosa, pero que sexa malo.
Chamar ao 619 075 640

Búscase

-Terras ou explotación na zona de Xallas-Barcala.
Chamar ao 636 871 736

Búscase

-Terreos para cultivo de horta.
Chamar o 619 110 982

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Necesítase

-Traballador ou traballadora para tarefas de muxido en explotación gandeira na zona de Teixeira (Curtis). Incorporación inmediata.
Chamar ao 653 781 267

Instálanse

-Equipos automáticos de calefacción por leña ou pellet. Aforra como mínimo o 50% do prezo de calefacción na tua casa, nave, ghranxa, invernadoiro... Hai equipos que se poden aproveitar e transformalos acoplando soamente o queimador.
Chamar o 678 643 119 ou enviar correo a ecocalor@hotmail.com ou ecocalor@gmail.com

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

SEMENTEIRA DO MILLO 2012



NON CONTAMINES AS TÚAS TERRAS CON TRANSXÉNICOS

Unha das ameazas máis serias coas que nos encontramos labregas e labregos, e a sociedade, son os transxénicos.

Agora que entramos na época da sementeira, ofrecemos as razóns polas que o SLG recomenda **non sementar millo transxénico**:

1. Dependencia. As variedades transxénicas están patentadas e ninguén pode gardar sementes para resementar. Ademais, a través do pole contaminan. Corremos o risco de que, se alguén sementa ao noso carón e o noso millo se contamina, a empresa propietaria da patente do millo que nos contamine nos demande, podendo condenarnos a pagar importantes sumas.

Tamén nos farán dependentes do paquete agrotóxico que subministra a mesma empresa que manipula a semente.

2. É unha tecnoloxía cara. É posíbel que agora, para introducir estas sementes, as coloquen no mercado a prezos similares ás sementes normais. Mais cando se expandan contaminando, os prezos subirán, **porque son sementes artificiais patentadas que se conseguen en laboratorios introducíndolles xenos doutras especies diferentes. Trátase de conseguir artificialmente algo que nunca ocorrerá na natureza, como cruzar especies diferentes, por exemplo un peixe cun tomate.**

3. Antibióticos. No proceso de manipulación xenética utilízanse antibióticos que logo quedan no millo que as vacas comen, o que supón un perigo para as persoas que logo comemos leite ou carne dos animais que inxeriron ese millo.

Tamén o comen as vacas, os becerros, os porcós, as aves, e poden volverse resistentes e non responder aos tratamentos con antibióticos fronte a mamite, pneumonías ou calquera outra enfermidade que teña ser tratada con antibióticos.

Tampouco sería descartábel a presenza de antibióticos nos alimentos que obtemos dos animais, tales como leite, carne ou ovos.

NOMES COMERCIAIS DO MILLO TRANSXÉNICO MON 810

FOGGIA	JARAL BT	ESMILONGAYG	MAS71YG	PR32W04
ACCUA YG	EVOLIA YG	LUSON BT	PR35Y69	PR33B51
ARENA YG	DKC5784YG	KADENAYG PONCHO	PR36B09	PR33P67
ARISTIS BT	DKC5018YG	KARDANYG	SF1035T	PR33Y72
ASTURIAL BT	DKC6041YG	KARTERYG	SF1112T	PR34N44
AZEMA YG	DKC6675	KAVALAYG	SF4701T	PR34P86
BELES SUR	DKC6667YG	KURATUSYG	ES BLASON	PR35A56
CAMPERO BT	ES ANTALYA YG	LG3711YG	PR31D61	BoleaYG
CARELLA YG	ES ARCHIPEL YG	MAS52YG	PR31N28	MAS65YG
ES PAOLIS YG	ES MAYORAL YG	MAS58YG	PR32G49	PR34A27
HELEN BT	ES CAJAUYG	MAS60YG	PR32T86	PR38V34 / P9494Y